

Xornada sobre custodia do territorio e administracións públicas

A custodia do territorio é un conxunto de estratexias e instrumentos que pretenden implicar aos propietarios e usuarios do territorio na conservación e o bo uso dos valores e os recursos naturais, culturais e paisaxísticos. Para conseguilo, promove acordos e mecanismos de colaboración continua entre propietarios, entidades de custodia e outros axentes públicos e privados.

Habitualmente, os acordos de custodia eran asinados entre entidades de custodia e propietarios privados debido á complexidade administrativa na formalización destes acordos con entidades públicas propietarias de terreos de interese natural ou xestoras de dominios públicos. Sen embargo, nos últimos anos, con base na lexislación vixente, formalizáronse diversos acordos de custodia público-privados a longo prazo.

En España e, máis concretamente en Galicia, temos diversos exemplos que mostran as vantaxes que estes acordos de custodia poden repercutir sobre a xestión dos espazos custodiados, así como da maior coñecemento e disfrute destas zonas por parte da poboación local.

De feito, a Deputación de Lugo foi pioneira no establecemento dun acordo deste tipo de xestión do territorio, cando no ano 2014 asinou un acordo de custodia do territorio coa AGCT no que se estableceron as bases para a realización dun programa de conservación e restauración ambiental das 107 ha de superficie das Insuas do Miño e das 5 ha dos Ollos de Begonte, o que constitúe o maior acordo de custodia público-privado de Galicia.

Nesta xornada pretendemos achegar a custodia do territorio aos técnicos, funcionarios e políticos que xestionan terreos das administracións públicas e que xestionan zonas pertencentes aos dominios públicos fluviais e marítimo-terrestres.

A xornada consistirá en presentacións breves de 30 minutos e un debate final de 30 minutos.

DATA E HORARIO

Venres, 18 de novembro do 2016, de 11:00 a 14:00 horas.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centro de Interpretación Terras do Miño, no Paseo do Río Rato (Lugo).

DIRIXIDO A

Técnicos, funcionarios e políticos de administracións públicas, universidades e grupos de investigación e entidades de custodia do territorio.

RELATORIOS

- **“Aspectos legais da Custodia do Territorio en España e a súa importancia para a xestión da biodiversidade”**
D. Antonio Ruíz Salgado. Avogado, especialista en dereito ambiental. Equipo Técnico do Foro de Redes e Entidades de Custodia do Territorio.
- **“O acordo de custodia co Concello de Coirós para a restauración e xestión da Canteira do Catorce”**
D. Fernando Bandín Monteiro. Membro do Padroado da Fundación Fragas do Mandeo.
- **“Experiencia do Museo do Ter sobre a Custodia do Territorio e a conservación dun tramo fluvial”**
D. Marc Ordeix i Rigo. Biólogo e Coordinador do Museo del Ter.
- **“Traballos realizados no Acordo de Custodia do Territorio entre a AGCT e a Deputación de Lugo para a xestión das Insuas do Miño e Ollos de Begonte”**
D. Martiño Cabana Otero. Biólogo e técnico da Asociación Galega de Custodia do Territorio.
- **“Experiencia de ADEGA na restauración das marxes do río Tea e no Acordo de Custodia do Territorio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil nun Dominio Público”**
D. Ramsés Pérez Rodríguez. Coordinador de proxectos de ADEGA.